



Fraternidades/Comunidades Laicas Cistercienses en Galicia

Fraternidades LC de Sobrado e Armenteira

Deuse a curiosidade/causalidade do Espírito de que, arredor de varios Mosteiros Cistercienses en diferentes países, case polas mesmas datas, foron aparecendo persoas laicas desexosas de encarnar nas súas vidas os valores esenciais da espiritualidade cisterciense e que se agruparon en Comunidades (ou Fraternidades) Laicas adscritas a cada Mosteiro concreto.

Para favorecer a comunión entre elas e coa Familia Cisterciense, seguindo o espírito da *Carta da Caridade*, a maioría destas Comunidades, independentes e autónomas, foise unindo na *Asociación Internacional das Comunidades de Laicos Cistercienses (AICLC)*. Distribuídas por áreas lingüísticas (francófono, anglófono e hispano), exprésanse lazos de caridade entre elas mediante encontros rexionais, formación, intercambio de recursos, páxina web conxunta (<https://cistercianfamily.org>), etc. Cada tres anos, coincidindo na periodicidade coa celebración tamén do Capítulo Xeral da Orde Cisterciense, xúntanse as Comunidades Laicas Cistercienses asociadas, das tres áreas lingüísticas, nun Encontro Internacional. Así ocorrerá este 2025, do 15 ao 20 de xuño no CITES de Ávila.

Cremos, asombrados, que as Comunidades Laicas Cistercienses son obra do Espírito Santo xa que, sen haber case comunicación entre elas, o seu modo de vivir e de sentir o carisma laico cisterciense está en total comunión entre todas elas. Podemos constatar que o carisma cisterciense, que durante 900 anos foi exclusivamente monástico, atopou por graza de Deus unha nova forma de

vivirse, grazas á chamada que suscita no mundo de hoxe o contacto coas Comunidades de monxes e monxas cisterciense fieis ao seu compromiso.

En Galicia xurdiron dúas destas Comunidades Laicas Cistercienses, que nós preferimos chamar Fraternidades para así diferenciar-nos das Comunidades Monásticas. Son: a Fraternidade do Mosteiro de Santa María de Sobrado, que xa pertence á AICLC, e a Fraternidade do Mosteiro de Sta. M.^a de Armenteira, en proceso de unirse.

Se as Comunidades Laicas Cistercienses pola súa propia natureza teñen moito en común e todas elas están unidas por lazos de caridade, apoio, amor fraterno e lazos de fidelidade; isto dáse dun xeito moi espontáneo e entrañable entre as de Sobrado e Armenteira, que con periodicidade se visitan xa que no seu propio nacemento tiveron persoas en común, e tamén o Mosteiro de Armenteira é casa filla do Mosteiro de Sobrado, que mesmo lle achega o seu monxe capelán.

Creemos que a espiritualidade cisterciense é posible adaptala á vida dun laico, se ben queda claro que son dúas formas distintas de vivilo, monástica (cenobítica) e laica; ambas son complementarias, poñendo de manifesto a vixencia da vida monástica como depositaria do carisma. Os laicos atopamos na espiritualidade cisterciense un modo de vivir no mundo con maior entrega e profundidade espiritual, un camiño de conversión continua que nos leva a redescubrir e a profundar na graza do noso bautismo, conducíndonos a unha maior personalización da nosa fe.

Todos os valores cistercienses son para nós un camiño de liberación, un medio de conversión e unificación interior e un desexo de encarnación que nacen e se realizan na opción de «non antepoñer nada ao amor de Cristo» (RB 72) vivindo sempre nunha verdadeira busca de Deus.

Supón unha experiencia de transformación, tanto interior como exterior (*conversatio morum*), que se manifesta na celebración da Eucaristía, no estudo orante das Escrituras pola *Lectio Divina*, na fidelidade ao Oficio Divino, na devoción filial a María, na aco-

llida a cada irmá ou irmán, nun cambio de prioridades, unha nova forma de ordenar o día, unha nova forma de amar (e amarnos) dende o amor de Deus, no desexo de formarse e ser guiado espiritualmente e na descuberta da nosa contribución persoal á construción do Reino de Deus a través da nosa presenza activa nas realidades concretas en que nos movemos.

O encontro coa espiritualidade cisterciense, encarnada nunha comunidade monástica concreta, condúcenos ao desexo de integrar estes valores cistercienses na nosa vida cotiá. A escoita desta chamada do Espírito é a que nos vai conducindo a formar unha comunidade/fraternidade laica cisterciense na que nos enriquecemos mutuamente entre nós e na relación coa Comunidade monástica. Cando se dá o recoñecemento pola Comunidade monástica, representada polo Abade ou Prior, dos valores cistercienses encarnados no grupo, é cando podemos chamarnos Comunidade Laica Cisterciense. Ese recoñecemento confírenos a nosa pertenza á Familia Cisterciense. Sentimos o Mosteiro como o lugar concreto onde o Espírito une especialmente ambas Comunidades, laica e monástica, e todos os seus membros entre si. A hospitalidade dos monxes e monxas fai presente para nós o Amor de Deus.

O camiñar con outros enriquecéenos e o compartir procúranos apoio e ledicia aínda que isto tamén leva consigo exixencias que requiren paciencia e escoita, que poden ocasionar feridas e sufrimento. Debemos aprender a amar os que estamos chamados á mesma comunidade e a compartir entre nós con verdade e humildade.

Non é esta unha espiritualidade desencarnada. Buscamos superar o reto da estabilidade, a pesar da distancia xeográfica e das dificultades para manter o espírito de comunidade fóra dos encontros presenciais no Mosteiro. As dificultades non se consideran só como obstáculos senón tamén como medios para o crecemento espiritual; ir atopando un equilibrio entre os tempos de oración e de acción e así expresar a unión espiritual vivida na oración, no traballo e na liturxia tanto cos membros da comunidade laica como monástica.

Formación

A formación no seo da comunidade laica cisterciense é unha viaxe de toda a vida cara a riqueza do carisma cisterciense, tendo que ser á vez persoal e comunitaria. A verdadeira formación realízase por medio dun proceso de «conversión de vida» e a apertura a esta formación, baixo a inspiración do Espírito Santo; é expresión do desexo de encarnar os valores cistercienses.

Cada comunidade desenvolve o seu propio programa de formación, adaptándose ás necesidades concretas tanto da comunidade no seu conxunto como dos seus membros individualmente, sendo fundamental unha formación cristiá de base como membros da Igrexa. Para irnos conformando a Cristo segundo o carisma cisterciense, destácanse, entre outros, estes contidos esenciais:

- *Lectio Divina*
- Regra de S. Benito
- Oficio Divino (Liturxia das Horas)
- Patrimonio cisterciense

Cómpre subliñar que tamén teñen valor formativo: a comunidade laica en si mesma, a relación «filial» entre o grupo de laicos e o mosteiro, o testemuño da Comunidade Monástica, a corresponsabilidade das dúas comunidades, laica e monástica, de seren expresión viva do carisma cisterciense.

Pinceladas dende a Fraternidade de Laicos Cistercienses do Mosteiro de Santa María de Sobrado...

Historia

No ano 2008 un pequeno grupo de persoas asiduas ao Mosteiro de Sobrado (algunhas delas procedentes da Escola de Espiritualidade que alí se creou en 1994) xuntámonos para poñer en común o que nos atraía da vida cisterciense e pensamos que, agradecendo todo o que alí recibiamos, era bo poñerse a disposición do Mosteiro para todo o que puidesen precisar e no que nós puidésemos axudar.

Feito este primeiro contacto, informóusenos de que se acababa de celebrar un Encontro Internacional de Comunidades Laicas Cistercienses en Ávila, onde se agrupan todas as Fraternidades de Laicos Cistercienses, ao que tamén asistira un monxe de Sobrado como tradutor.

Coñecedores disto, fíxose unha convocatoria máis ampla a persoas que sabiamos bastante asiduas á Liturxia e estilo de vida deste Mosteiro de Santa María de Sobrado e fixemos unha xuntanza o mesmo 20 de agosto de 2008 (Festividade de S. Bernardo) co fin de poñérmonos en marcha e colaborarmos no preciso.

Este foi o noso nacemento xa que, dende alí, comezamos a reunirnos mensualmente co Prior no propio mosteiro persoas achegadas de diferentes puntos de Galicia, e seguimos así facendo un percorrido persoal e grupal durante anos, escoitando máis o que buscamos de fondo e descubriendo que, aínda comezando en pensar en sermos unha axuda para o mosteiro, converteuse a Comunidade monástica, en moi pouco tempo, nunha axuda constante ao propio grupo dentro desa busca espiritual que nos fixo descubrírnos como Fraternidade.

Fomos recoñecida oficialmente polo Mosteiro como Fraternidade o 23 de setembro de 2016 e, no ano 2019, consideramos chegado o momento de dispor duns Estatutos que regulasen o noso mellor funcionamento, os cales foron aprobados pola Fraternidade o 20 de agosto dese ano e aceptados pola Comunidade Monástica o 28 de outubro de 2019.

Estes últimos pasos permitíronnos tamén incorporarnos como Fraternidade Laica Cisterciense á Asociación Internacional de Comunidades Laicas Cistercienses (AICLC), que a través dun Comité Internacional une e dinamiza o camiñar de todos os laicos cistercienses de lingua francesa, inglesa e hispana que foron xurdindo ao carón de moitas Comunidades Monásticas Cistercienses pola Graza do Espírito.

Funcionamento

Ao longo de varios anos a nosa estrutura é froito dos criterios que imos contrastando os que formamos a Fraternidade, cos horarios e programas que se estimaban oportunos contando sempre coa Formación e o Acompañamento espiritual cos que nos nutre a Comunidade, sendo o Prior quen se encarga do noso percorrido preciso. Neste eido entra seleccionar que tema de formación anual imos ter, que monxe nos vai acompañar durante ese tempo, que libro de lectura persoal e grupal imos traballar, etc. Todo en vías de irnos conformando con esa busca de Deus dende o profundo patrimonio cisterciense que nos axuda no necesario autoconhecimento para a descuberta dese perenne Amor gratuito de Deus para todos. Dende ese Amor medramos como Fraternidade, sentímonos moi unidos e agradecidos á Comunidade Monástica que nos nutre co seu carisma e ao mesmo tempo fai que nos abramos a vivir sentindo a unidade con toda a Humanidade, comprometidos con ela sempre dende o noso propio contorno.

Temos un encontro mensual, presencial no Mosteiro, en sábado e anualmente (case sempre pola Coresma) temos un retiro de 3 días en silencio, compartindo toda a liturxia cos monxes no mosteiro e integrado na temática de formación do curso.

Tamén, cada tarde do 20 de agosto, festa de S. Bernardo, xuntámonos no Mosteiro nunha «festa agradecida de aniversario» como Fraternidade. E, nas celebracións festivas tanto do Císter como da Comunidade de Sobrado, queremos sempre facernos presentes e próximos, por estar tamén cheas de significado para nós.

Cada encontro mensual comeza no Oratorio cuns minutos de silencio seguidos da Eucaristía que marca a pauta do noso día. O feito de celebrala no mesmo marco dos monxes axúdanos a entrar nesa fondura, quentura e coidado da súa liturxia, que leva a unha maior sintonía co que se nos dá, co que dicimos e co que sentimos vivir.

De seguido temos o relatorio, a cargo do monxe que nos acompaña, e sempre centrado en temas moi vitais a través de citas bíbli-

cas ou outros textos de cistercienses: S. Bieito, S. Bernardo etc. que teñen actuais reflexións e indicacións para nós.

Hai temas que tocan moito os nosos fundamentos persoais e se prolongan máis dun ano. Este é o caso do tema actual que temos, co que levamos tres cursos pero que é de por vida: «A Igrexa que se reúne en Sobrado».

Despois do relatorio, coa finalidade de compartirmos entre nós dende a nosa realidade e experiencia vital, favorecendo que a Palavra de Deus se poida ir encarnando en nós, facemos un traballo en grupos aleatorios a partir das cuestións de fondo que nos deixou o monxe relator. É momento de escoita profunda tanto a nivel persoal como de cada irmán fraterno.

Case sempre estamos uns tres grupos que, rematado ese primeiro momento, poñemos logo en común a través de cadanseus portavoces o máis significativo do vivido en cada grupo. Neste intre está de novo presente o monxe, que escoita tamén os compar-tires e aproveita para reflectirnos sempre algunha luz máis sobre o que sae ou sobre o que xorde nos diálogos abertos.

Finalizado este momento e dado que para nós é moi importante compartir o Oficio Divino coa Comunidade, asistimos con ela á Hora Intermedia, que nos une a toda a Igrexa orante e silente e que pechamos coa oración do *Ángelus*, segundo o costume cisterciense.

De seguido temos un xantar ledo e comunicativo no comedor da hospedaría, que nos permite reforzar lazos fraternos poñéndonos máis ao tanto uns dos outros, comentando as ausencias e razón dos que faltan ese día etc.

Despois dunha curta sobremesa revisamos como grupo a marcha do que traemos entre mans, infórmase das novas que haxa e planificamos o que vemos preciso paso a paso.

Continuamos compartindo a análise e reflexión persoal feita durante o mes que pasou sobre os capítulos fixados previamente do libro de lectura establecido para o curso, coordinados por algún membro da Fraternidade encargado deste servizo. E, fixando o traballo para o seguinte mes, rematamos a xuntanza dese día.

Composición

Aínda que pasamos da trintena as persoas que figuramos como membros desta Fraternidade, a media de persoas que asiste ás reunións presenciais é dunhas 25.

Dispoñemos tamén dun enlace virtual, que nos facilita o Mosteiro, para que poida conectarse vía zoom no momento do relatorio algunha persoa que, por circunstancias diversas, non poida asistir ou algunha outra persoa simpatizante do carisma cisterciense que se une á nosa Fraternidade dende a distancia, por vivir lonxe.

Como é propio do carisma, a nosa Fraternidade está sempre aberta a calquera persoa que desexe achegarse a ela por sentir o gusto de coñecernos ou sentir afinidade con esta espiritualidade. Pode facelo con total liberdade e sen ningún compromiso, será recibida con moito gusto (fraternidade.laicos.sobrado@gmail.com).

Trátase de agradecer este lugar e estes momentos como ocasións para facer o noso camiño de crentes con toda a fondura e ledicia que nos favorece. Tamén, como compromiso e desexo de abrírnos ao mundo e á Igrexa dende a sinxeleza, sobriedade e demais valores do carisma cisterciense, colaborando en que o Amor de Deus nos vaia transformando e aledando a todos, como «Peregrinos na Esperanza», segundo reza o lema deste Ano Xubilar 2025.

Pinceladas dende a Fraternidade de Laicos Cistercienses do Mosteiro de Santa María de Armenteira...

Un pouco de historia deste apaixonante camiño iniciado!

Sempre hai un momento onde se inicia unha relación cun Mosteiro como Fraternidade, e o noso arranque ocorre con Francisco de Málaga, un amigo do mosteiro que o visita ou máis ben o visitaba cada verán, e foi el a faísca para facerse realidade. Reunímonos un día para falalo no verán de 2016 coincidindo coa estada no Mosteiro de persoas pertencentes á Fraternidade de Sobrado, que tamén estiveron presentes neste arranque.

Ese mesmo ano comeza o noso primeiro curso. Estamos no 2025 por iso cómprense agora 9 anos xa. Nace coa intención de ser un vínculo entre Irmáns cristiáns e o Mosteiro de Armenteira como guía e axuda no noso camiño. Deste xeito cremos que o carisma cisterciense pode ser vivido fóra do Mosteiro.

Gústanos este movemento do corazón que nos levou ata Armenteira para atopar o sentido da vida que a cada un nos reuniu alí, coas mesmas inquedañas a través da fe cristiá e, concretamente, na espiritualidade do Císter: austeridade e sinxeleza. Neste camiño reconécese a Vocación Laica Cisterciense de forma individual, como unha chamada persoal que se experimenta comunitariamente como un don de Deus. Ser testemuñas activas de Cristo e da súa Igrexa no medio do mundo e que nos axuda ao desenvolvemento dunha fe adulta nesa busca de Deus.

Actividades

- Reunímonos un sábado ao mes ás 11:00 horas e xantamos no Mosteiro.
- Taller de lectura: ese día traballamos un libro pola tarde, elixido pola monxa que ese curso nos forma.
- Temos un fin de semana de convivencia ao rematar o curso, onde estreitamos lazos entre a Comunidade e nós.
- En marzo do 2024 recibimos a visita do Abade Xeral da OCSO, dom Bernardus Peeters, que estivo de xira polos mosteiros galegos da Orde. Foi unha grata sorpresa cun encontro moi cordial, onde animou os laicos das fraternidades a compartir os ideais da Orde, onde desexa nos sintamos como unha familia coa acollida que nos ofrecen as monxas.
- Ademais este ano imos facer a quinta visita entre as Fraternidades de Sobrado e Armenteira. Xuntándonos cada ano no mosteiro que nos toca para compartir e celebrar con ledicia o sentirnos camiñando xuntos entre todos nós.

Formación e composición...

Temos unha monxa formadora que nos dá o tema do curso, sendo a mesma durante dous anos.

Este ano o tema do curso é: «A Compunción do corazón».

O Papa chámamos a un Camiño Sinodal e a *Carta de Caridade*, texto fundacional desta Orde, é camiño exemplar nesa liña.

Somos dezasete irmáns fraternos, máis ou menos, pero non sempre acoden todos á reunión. Mais temos un núcleo leal e forte duns dez membros.

Os Laicos, movemento espontáneo, como un brote novo na Familia Cisterciense, xurdiron para quedar e por tanto debemos manter tamén viva esa chama monástica, case milenaria, no eido secular. Chama viva grazas aos monxes e agora nós, os Laicos, como un pequeno bacelo, chupando da vide do Mosteiro.

Que nos une?

A sinxeleza da súa arte e espiritualidade. Esta Orde vai conosco, pola autenticidade que está no que lemos, vemos e sentimos.

Queremos medrar en confianza e madurez como grupo, onde temos un ambiente favorable e pacífico para afincarnos na *hesiquía* ou o *silencio*, que é moi valorado por todos os irmáns fraternos, cunha sincera acollida e unha escoita activa. Para tela de verdade, hai que facer silencio e poder así escoitar a Palabra do Espírito. Aprender esta escoita é o noso traballo e temos a María como prototipo da mesma.

Neste senso queremos destacar unha expresión de Calixto Catafigotes (o que se refuxia, que vive na soidade), monxe grego do s. XIV:

Cando a alma sente a verdade e bebe da copa da graza, como da mellor de todas, séntese borracha e alleada, e está claro que chegou o tempo de calar, o tempo de silencio.

Que Santa María, patroa de todos os mosteiros do Císter, nos amose o seu camiño, nos sosteña individual e comunitariamente e nos acompañe na nosa busca permanente e sempre inacabada de Deus para que a obra que El comezou en cada un/unha de nós chegue a bo fin.

Dende ambas Fraternidades, esta é a nosa confianza e Esperanza neste Ano Xubilar.

Fraternidades LC de Sobrado e Armenteira